

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerenta de Persoal:

Ana Comesaña Álvarez

Xefe do Servizo de PAS e Retribucións:

José M. Fernández Viña

Xefa da Sección de Formación e Acción Social:

Margarita González Hernández

Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica:

Antón Vidal Andión

Secretario de actas:

Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

José María Pérez Landín (CSI-CSIF)

Manuel Marcos García (CCOO)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 11:30 horas do día 23 de maio de 2008, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da Acta da Sesión anterior.
2. Sinatura dos acordos adoptados
3. Interpretación da equivalencia das categorías profesionais, prevista no Anexo VI do II Convenio Colectivo acerca do concurso de traslados. (Achégase proposta da Xerencia)

Previamente á reunión, acórdase a inclusión dun 4º punto na Orde do Día relativo á Disposición Adicional 11ª.

1. Lectura e aprobación, se procede, da Acta da Sesión anterior.

Acórdase a aprobación da acta da reunión do día 14 de maio de 2008. Sobre os Acordos acadados na devandita reunión, acórdase que non é necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia. Acórdase a incorporación dos Acordos da reunións como Anexos do II Convenio Colectivo.

2. Sinatura dos Acordos adoptados.

Procédese á sinatura do Acordo adoptado na reunión do 17 de abril do 2008, coa súa incorporación como Anexo do II Convenio Colectivo

Sobre os Acordos adoptados na reunión do 14 de maio de 2008, sométese a votación a inclusión dun 3º punto no Anexo, relativo á entrada en vigor dos dous puntos acordados (artigo 23.1 b) e artigo 23.2.c)) xa que na reunión anterior soamente se acordou a entrada en vigor do artigo 23.2 c).

Realizada a votación, os votos foron os seguintes:

Universidade de Vigo: voto a favor de todos os membros da Comisión.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Parte social:

Votos a favor: 4. Emitidos polos representantes de CIG e CCOO.

Votos en contra: 2. Os representantes de UGT e CSI-CSIF fan constar o seu voto en contra.

Tras a votación, apróbase por unanimidade na parte da Universidade de Vigo e por maioría de dous terzos a parte social a inclusión do terceiro punto no Anexo dos Acordos, para os apartados 23.1 b) e 23.2 c) e a súa inclusión como Anexo do II Convenio colectivo, cos efectos que constan no Anexo.

3. Interpretación da equivalencia das categorías profesionais, prevista no Anexo VI do II Convenio Colectivo acerca do concurso de traslados. (Achégase proposta da Xerencia)

Tras a presentación do documento achegado pola Xerencia aclaratoria do termo equivalencia (Anexo 1), a parte social manifesta o seu desacordo co contido do documento. Este tema será tratado na reunión cos comités de empresa que están negociando o concurso de traslados.

4. Disposición Adicional 11ª.

Acórdase a inclusión da expresión “en técnicos especialistas de biblioteca” na redacción da Disposición Adicional 11ª, quedando ésta redactada como segue:

“El personal que, por motivo de los procesos de transformacións de las categorías de auxiliar de servicios en auxiliares técnicos de servicios generales y auxiliares técnicos de biblioteca en técnicos especialistas de biblioteca, habían estado o habían sido contratados, a partir de la fecha de 16 de marzo de 2001 en la categoría a extinguir, a efectos de cualquier concurso la antigüedad se le computará siempre en la nueva categoría”.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 12.45 horas, do cal dou fe como Secretario.

Pola Universidade de Vigo

O Secretario

Polos sindicatos

ANEXO 1:

PROPOSTA DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE INTERPRETACIÓN DA EQUIVALENCIA DAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS PREVISTAS NO ANEXO VI DO II CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CONCURSO DE TRASLADOS.

Nas bases de convocatoria do concurso de traslados, ven reflectido o seguinte:

O traballo desenvolvido valorarase como segue:

- a) 0.20 puntos por mes ou fracción de mes na mesma ou equivalente categoría nas universidades públicas de Galicia, con vínculo fixo ou temporal en postos retribuídos con cargo ao capítulo I do orzamento de gastos. A categoría entenderase nos termos expresados na Disposición transitoria primeira do I Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo.

No devandito apartado cómpre interpretar o alcance do termo “equivalente”.

Sendo este apartado a) dirixido a valorar a mesma categoría, o termo equivalente refírese aos servizos públicos prestados noutras universidades que sexan achegados polos interesados. Polo tanto, a equivalencia entenderá a identidade de grupo de clasificación e similitude de funcións na categoría que queira facer valer o interesado/a.

